

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

12067 *Corrección de erros do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.*

Advertidos erros no Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 161, do 7 de xullo de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 12, no punto un do artigo 14, onde di: «disposición adicional trixésimo terceira», debe dicir: «disposición adicional trixésimo cuarta».

Na páxina 12, no punto dous do artigo 14, onde di: «Engádese unha disposición adicional trixésimo terceira, que queda redactada da seguinte forma:

“Disposición adicional trixésimo terceira...”»,

debe dicir: «Engádese unha disposición adicional trixésimo cuarta, que queda redactada da seguinte forma:

“Disposición adicional trixésimo cuarta...”».

Na páxina 21, no punto dous do artigo 30, onde di: «A alínea a) do número 1 do artigo 12 queda redactada do seguinte modo», debe dicir: «O segundo parágrafo da alínea a) do número 1 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:».

Na páxina 21, no punto un do artigo 31, onde di: «A alínea c) do artigo 18 queda modificada como segue:», debe dicir: «A alínea c) do punto 1 do artigo 18 queda modificada como segue:».

Na páxina 21, no punto dous do artigo 31, onde di: «A alínea d) do artigo 18 queda modificada como segue:», debe dicir: «A alínea d) do punto 1 do artigo 18 queda modificada como segue:».

Na páxina 22, no punto tres do artigo 32, onde di: «Engádese un novo parágrafo ao número 1 do artigo 30 coa seguinte redacción:», debe dicir: «O número 1 do artigo 30 terá a seguinte redacción:».

Na páxina 22, no punto un do artigo 33, onde di: «O número 2 do artigo 13 queda redactado nos seguintes termos:», debe dicir: «O primeiro parágrafo do número 2 do artigo 13 queda redactado nos seguintes termos:».